



D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos Mosca

D. Manuel Rodríguez Meira

Presidente de Xuíces

D. Gabriel Fernández Vázquez

Subdelegado Ourense

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen-se o **sábado día 20 de Abril de 2019** no **Local Social do Club ADN Pesca Ribadavia**, Camiño Campo de Souto nº18, 32431 San Cristovo, Ribadavia, para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Tramitación telemática de tarxetas federativas.
2. Organización Nacional Salmónidos.
3. Coste Open Salmónidos dúos.
4. Análisis resultados Nacional Lance.
5. Cargos seguros Mapfre.
6. Concesión permisos Pontevedra.
7. Tarxetas identificativas.
8. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 11:15 horas do día sinalado no encabezamento.

O Presidente propón modificar a orde do día e comenazar polo punto dous - Proposta de organización dun Nacional de Salmónidos.

2.- Organización Nacional Salmónidos.

O Presidente plantexa a posibilidade de organizar un Campionato Nacional de Salmónidos (mosca ou lance) para os próximos anos. A proposta e aceptada por unanimidade e crease un comité para o estudo e planificación de dito proxecto, valoración de escenarios factibles e posibles colaboracións locais. O Comité queda formado por: Javier Méndez Alonso, Manuel Rodríguez Meira e Gabriel Fernández Vázquez, deixando aberta a posibilidade de engadir algún membro máis.

1.-Tramitación telemática das tarxetas federativas.

Pablo De Andrés Vales (responsable da plataforma informática da FGPeC) realiza una demostración do funcionamento da nova aplicación para a tramitación de tarxetas federativas, subida recentemente a páxina web da FGPeC, tanto na modalidade individual coma de Clubes. Acláranse dúbidas e coméntanse diversas opcións de mellora da aplicación, quedando pendentes de viabilidade na súa execución.



3.- Coste Open Salmónido Dúos.

Dado que o Open dúos Mar-Costa celebrado o 9 de abril de 2019 na Praia de Area en Viveiro tivo un custo de inscrición de 60€ por parella de deportistas, aprobase o mesmo importe para a inscrición do próximo Open Salmónidos dúos.

Xa que cada Clube só pode enviar un número determinado de deportistas, en función das tarxetas federativas que ten tramitadas, considerarase cada dúo coma 1 participante.

4.- Análisis resultados Campionato Nacional Lance.

Valóranse os resultados acadados polos deportistas Galegos no derradeiro Campionato Nacional Salmónidos Lance 2019 celebrado en Asturias. Estúdase axudar e buscar mellorar o nivel dos nosos representantes a través das competicións que se realicen (por exemplo nos selectivos, onde se fan 4 mangas, facer algunha das mangas de uso obrigatorio dun único engado como pode ser a ninfa,...etc...), fomentar e compartir coñecementos nas distintas técnicas empregadas para aumentar a formación dos deportistas.

Javier Méndez Alonso informa sobre os gastos xerados e fai entrega das facturas correspondentes.

5.- Cargo seguro Mapfre.

O Presidente informa de varios cargos realizados na conta da FGPeC por un antigo seguro contratado pola anterior xunta directiva e xa dado de baixa. Xa están iniciadas as xestións pertinentes para a devolución íntegra dos importes.

6.- Concesión permisos Pontevedra.

Tamén informa o Presidente, que dende a Dirección Xeral de Pontevedra están a conceder os 30 permisos de pesca solicitados para o desenvolvemento das competicións pero so permiten a práctica da pesca de 8 deportistas simultaneamente, polo que imposibilitan o transcurso de ditas competicións. Para o resto das provincias non hai ningún problema, polo que xa foron informados que, por este motivo, trasládase o Provincial de Salmónidos Lance á provincia de Ourense, e que se non modifican a situación, o resto das competicións da provincia de Pontevedra terán que ser ANULADAS.

A FGPeC está a espera de resposta por parte da Administración a dito problema.

7.- Tarxetas identificativas.

O Presidente confirma a orde para a elaboración das camisas para os directivos, acordada na anterior xunta directiva reunida o 10 de marzo de 2019 en Monforte así como a creación de tarxetas identificativas coa distinción dos cargos para os membros da directiva.

Queda aprobada a adquisición dun proxector coa súa correspondente pantalla.

Tamén se acorda crear un inventario dos bens da FGPeC así como un rexistro do material que se moviliza ou presta/cede a outros organismos e/ou clubs, directivos, competicións,...etc...

8.- Rogos e preguntas.

- Gabriel Fernández Vázquez pregunta pola posibilidade de que participen máis de 5 deportistas por clube nos Provinciais (limitación actual das bases), dada a baixa participación nalgunhas das competicións.



- Javier Méndez Alonso solicita divulgar entre os deportistas que participen nos Provinciais de Salmónidos Lance que se celebrará o próximo 5 de maio de 2019, un escrito facilitado pola FEPyC durante a celebración do derradeiro Campionato Nacional de Salmónidos Lance celebrado en Asturias.

- Gabriel Fernández Vázquez comenta que, como os Xuvenís non dispoñen de Campionatos Provinciais na súa categoría, valorar a posibilidade de que poidan facelo en categoría Absoluta, tendo en conta que para os Autonómicos si deberán competir na súa Categoría.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 14:30 horas. Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes
Secretario

Vº e Prace: Manuel Mouzo Méndez
Presidente